



## **Ante as informacións relacionadas co funcionamento do parque móbil do Parlamento de Galicia, infórmase:**

- O acordo en vigor que regula a utilización dos coches oficiais no Parlamento de Galicia é o adoptado pola Mesa da Cámara o 20 de setembro de 2011.
- O acordo continúa en vigor e non foi modificado posteriormente.
- Cando se adoptou este acordo, o Parlamento de Galicia dispoñía de 5 condutores (3 funcionarios e 2 eventuais). Na actualidade o Parlamento conta con 4 condutores (2 funcionarios e 2 eventuais). É dicir, hai un condutor menos que en 2011.
- Na actualidade o parque móbil do Parlamento conta con catro vehículos: tres turismos e unha furgoneta para atender a loxística diaria da institución.
- Na VII Lexislatura, o Parlamento dispoñía de 9 vehículos e 8 condutores.
- Non se produciu incremento algún no cadro de persoal do parque móbil. A última incorporación efectuouse a través dun contrato eventual para cubrir unha baixa por xubilación.
- En aplicación do referido acordo da Mesa, tampouco existen condutores adscritos individualmente aos membros da Mesa, agás o da Presidencia. As solicitudes dos vehículos se xestionan seguindo os criterios fixados no acordo referido.

Saúdos, Gabinete de Comunicación do Parlamento de Galicia.